# O centro Europe Direct da Deputación mantese 5 anos máis como referente de información oficial da UE na provincia da Coruña

04/05/2021 Redacción A Coruña Deja un comentario




*A inauguración do novo período de traballo do centro, que irá ata 2025, terá lugar o vindeiro 9 de maio, Día de Europa. O evento incluirá a colocación dunha placa informativa na fachada do edificio provincial, unha performance artística e a inauguración dunha exposición itinerante sobre o Pacto Verde Europeo*

O centro **Europe Direct** da **Deputación da Coruña** manterase como referente oficial de información da Comisión Europea na provincia da **Coruña** durante os vindeiros cinco anos. A institución europea vén de confirmar a continuidade do centro, pertencente á Deputación da Coruña, ata o ano 2025. Europe Direct A Coruña iniciou no ano 1996 a súa traxectoria para achegar Europa, as súas institucións, o seu traballo e as oportunidades europeas a cidadanía, concellos e entidades da provincia.

A misión do centro Europe Direct é traballar coa cidadanía, os medios de comunicación e as entidades locais cos obxectivos de implicar á poboación en temas europeos, especialmente a través da Conferencia sobre o Futuro de Europa, proporcionar contidos sobre as políticas e as prioridades da UE, axudar á Comisión Europea a adquirir unha visión xeral da sensibilidades locais relacionadas coas súas políticas e promover a cidadanía europea activa nas escolas.



















O acto de inauguración do novo período do centro terá lugar o vindeiro 9 de maio ás 12 horas, coincidindo coa celebración do **Día de Europa**. A xornada comezará coa instalación dunha placa informativa na fachada do Pazo Provincial remitida pola Comisión Europea. Un acto ao que asistirán o presidente da Deputación da Coruña, **Valentín González Formoso**, e o eurodiputado **Nicolás González Casares**, entre outras autoridades e persoas convidadas.




A celebración continuará cunha performance artística demalabares, acrobacias e  equilibrios inspirada nunha das políticas estratéxicas da Unión Europea e que servirá de introdución para a inauguración da exposición itinerante **Pacto Verde Europeo**. Unha mostra que achega a cidadanía os principais obxectivos desta iniciativa europea para potenciar un crecemento económico sostible e respectuoso co medio ambiente.

A exposición busca tamén conectar co público máis novo a través dun xogo en liña en formato de escape room que está baseado nos retos do Pacto Verde Europeo.




**Categoría:** A Coruña, GALICIA **Etiquetas:** a coruña, aniversario, deputacion a coruña, dia europa, europe direct

« El PP presenta una moción para mejorar O Castrillón "como piden los vecinos"
Vilalba Aberta demanda un plan de centros de día con cargo aos fondos europeos "Next Generation" »

**Deja una respuesta**

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos obligatorios están marcados con *

**Comentario**







## Twitter

Tweets por @21NoticiasCom

21Noticias
@21NoticiasCom
Presentada aos veciños de #Vilalba a renovación do vial de acceso ao barrio de Uceira-Goiriz@ConcelloVilalba
21noticias.com/2021/05/presen…



Presentada aos veciños de Vilalba a renovaci…
A alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e o concelleiro de Infraestruturas, Luis Fernández, presentáronlle
21noticias.com

31min

21Noticias
@21NoticiasCom
Últimos días para achegarse á mostra

Insertar Ver en Twitter



Nombre *

Correo electrónico *

Web

Publicar el comentario

PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Utilizamos cookies para ofrecerte la mejor experiencia en nuestra web.
Aceptar